

Entre centro e periferia

Ensaio Recensións, estas de González Gómez, cun lazo común: falar do que nunca puidemos ler en galego



Fire Escape // Peter Callesen

Que a crítica non consiste nun monte de xuízos de valor que arrota un eu formatado como experto –malia a exerceren así, en proveito simbólico da súa sinatura, algúns textos (e contextos) en galego–, é acaso o contraño que anoa estas trinta e cinco *Incitacións* de Xesús González Gómez. E faino porque todas elas daban singularizado nas páxinas d'*A Nosa Terra*, de 1998 a 2008, a idea kantiana que decreta tal actividade como a análise das condicións de posibilidade que configuran

un mundo e nas cales se inscriben, *dunha certa maneira*, os suxeitos e obxectos dese mundo. Dique de autonomía onde os haber, canda a prosa deste “combatente na fronteira” –alcúmao Manuel Veiga no prólogo–, sobriamente gorecido tras as iniciais XGG, a instancia da crítica non só se pon a cuberto das formas de narcisismo autorizado que arestora a hexemonizan; dexerga á vez os “límites do necesario” canto ao que pensamos, dicimos e facemos –sendo en tal medida que *loita*.

Neste senso, nin a excelsa aventura intelectual de González Gómez –sismógrafo das avangardas estéticas e políticas, tradutor indispensable, polémico e autente crítico literario e mais un longo etcétera–, nin esta escolma de recensións de obras ensaísticas, cadran co programa de normalización segundo o cal certas boticarias das letras veñen impondo mensualmente a variedade –a cal sería, por volta, a do reino da mercadoría– como principio regulador do sistema editorial deste país. Fron-

te ás axendas que predicán *best-sellers* e libros de viaxe como saída á dominación lingüística ou cultural e reproducen desa maneira –sen complexos– a moral do escravo, a constelación lectora de XGG inviste a periferia do que nunca lle darán as sucesivas primaveras de *El corte inglés*, isto é, da posibilidade de disenso. Non por acaso, ningunha das referencias bibliográficas auscultadas en *Incitacións* existen en galego –velaquí precisamente o criterio da selección. Non existen do mesmo xeito que a meirande parte delas localizan o que inexistente na memoria oficial do s. XX –virándoo impensábel na súa secuencia–, e que poderíamos cifrar –por extensión ao que se di no libro sobre Walter Benjamin– como “crítica moderna da modernidade” (p. 53).

Tirados de páxinas estremeiras ou descentrados das que eran suscitadas por diversos *affaires* ou efemérides europeas, os casos de “Un Aragón a descubrir, aínda”, “O crisol xudeu”, o marxismo heterodoxo, a querenza fascista de Cioran ou Eliade (pero non de Ionesco), a correspondencia entre Gretel Karplus-Adorno e Benjamin ou a biografía intelectual de Maurice Blanchot, entre outros, inzan a historia dos matices e arruínas que o relato do presente –queréndose igual a si propio– escamotea. Pois este sería, a rentes, o dos “cans de garda do capitalismo”, as chantaxes sionistas e a retórica anti-totalitaria que axustan o tempo da política ao cacho neoliberal. *Incitacións*, daque-

la, a un salto do tigre cara ao pasado. A resistirmos dende o seu índice secreto.

O epígrafe “centro e periferia” preside os artigos mensuais de María do Cebreiro Rábade Villar na edición galega de *El País*. Tómollo emprestado para titular esta recensión en tanto que indica unha topografía de pensamento acaída para XGG: non se trata dun centro que cómpre emular, nin dunha periferia estatizada nos seus mitos, senón do e–do que hai no medio e serve para andarmos en zigzag a ambas as dúas categorías. Por exemplo: “Aínda está por encarar a poesía de Rosalía como crítica do progreso capitalista; ou, mellor dito, como crítica da modernidade inspirada en referencias históricas e culturais precapitalistas” (p. 52). Coido que esta tentativa foi ben iniciada, xustamente, pola autora de *Fogar impronunciable*. Ao tempo, *per tot i més*, o labor de Xesús González Gómez pertence tamén a ese territorio de espectros que desacorda, entre centro e periferia, a actualidade e o lugar do que somos. // Aurelio Castro

Incitacións.
Escolma de
recensións de
obras ensaísticas
publicadas
n' A Nosa Terra
(1998-2008)

Xesús González
Gómez ·

Laivento, 2009 ·
154 páx · 16 euros

